

O SERGAS remite unha aclaración sobre o acto de elección de destino de fisioterapeuta:

*Antes as dúbidas xurdidas con relación o acto de elección da categoría de fisioterapeuta, clarexar o seguinte:*

*Na Resolución do 11 de marzo de 2011, publicada no DOG nº 55, do venres 18 de marzo, se cita, entre outros, aos aspirantes seleccionados da categoría de fisioterapeuta para o acto de elección de destino celebrado o pasado luns, indicando as prazas que se ofertan.*

*A estimación dun recurso de reposición desta categoría no concurso de traslados, fai que unha participante, que inicialmente acadaba praza e deixaba como resulta a súa praza, non sexa adxudicataria no concurso de traslados e, polo tanto, ten que continuar na praza que ocupa na actualidade.*

*A notificación dese recurso foi recibida pola interesada o mesmo día 18 de marzo, polo que non houbo tempo material de publicar en DOG unha corrección de erros para o mesmo luns, polo que se podía optar por suspender o acto de elección para mais adiante, ou ben facer pública e explicar a modificación da praza para coñecemento de todos os aspirantes, antes de iniciarse a petición de prazas. A Administración considerou que a segunda opción era a mais axeitada, e comunicou o cambio no propio acto de elección en presenza dos aspirantes as prazas, sen que houbera ningunha dúbida ou protesta no acto de elección.*

*Para minimizar a incidencia, ofertouse no acto de elección a resulta da nova adxudicataria que ademais coincidiu que era da mesma área sanitaria. Esta nova praza foi elixida no número 12 da orde de petición (54 prazas totais). En próximas datas sairán publicadas en DOG ambas correccións, tanto de concurso como de OPE.*

